



Ondas do mar Cantábrico chocando con forza contra o espigón da localidade vasca de Zarautz

Nun punto de gran profundidade do Cantábrico colocouse este dispositivo co que se coñecerá a altura e a dirección da ondada, a presión atmosférica, os graos da auga, as modificacións en parámetros como o ph, o flúor e o oxíxeno que está disolto no mar ou o rumbo das correntes

UNHA BOIA PARA ESTUDAR O CAMBIO DAS TEMPERATURAS

Efe • Santander

O Instituto Español de Oceanografía (IEO) acaba de colocar, a 22 millas ó norte de Santander, unha boia con varios instrumentos de seguimento científico que lle permitirán estudar como está afectando o cambio climático ó Cantábrico.

Este instrumento de seguimento meteorolóxico e oceanográfico

Para o seu emprazamento elixiuse unha zona que se considera representativa de todo o Cantábrico Oriental, onde se concentran os principais estudos que se están realizando para coñecer como afecta o cambio climático global ó Golfo de Biscaia.

O centro do IEO de Santander realiza desde principios dos anos noventa un seguimento regular dos cambios que se están producindo no mar Cantábrico, o que lle

Con esta nova boia, que leva o nome do pai da oceanografía en España, Augusto González de Linares, o noso país dispón dun novo instrumento aínda máis potente para a toma dese tipo de datos.

De feito, segundo explicou o director do Centro Oceanográfico de Santander, José Luis Cort, só hai medio centenar de instrumentos da súa capacidade en todo o mundo.

A boia González de Linares está equipada con sensores que indican a altura e a dirección da ondada, a temperatura no aire e a presión atmosférica, a temperatura na auga, a variación de parámetros como o ph ou as concentracións de flúor e osíxeno disolto na auga e a dirección das correntes, explicou a investigadora principal do proxecto, Alicia Lavín.

Ademais, os seus instrumentos serviránlle á Axencia Europea do Espazo para calibrar os detectores de salinidade do mar dos que esta-

rá dotado o satélite SMOS, que será lanzado cun ano próximo. O IEO asumiu o compromiso de publicar en internet toda a información que obteñan desta boia, de modo que

atividade pesqueira ou polo tráfico de barcos mercantes.

A boia González de Linares forma parte do Sistema Español de Oceanografía Operacional e cus-

O INSTITUTO ESPAÑOL DE OCEANOGRAFÍA PUBLICARÁ EN INTERNET TODA A INFORMACIÓN QUE SALA DESTA BOIA

ESTE INSTRUMENTO LEVA O NOME DO PAI DA OCEANOGRAFÍA EN ESPAÑA: AUGUSTO GONZÁLEZ DE LINARES

está fondeado nun lugar onde o mar ten 2,5 quilómetros de profundidade, o que a converte na boia de maior profundidade de cantas se instalaron no litoral da Península Ibérica.

permitiu detectar que a temperatura do Golfo de Biscaia está crecendo a razón de 0,5 graos centígrados por década en augas superficiais e a razón de 0,2 graos por década en augas intermedias.

sexa de libre acceso para a comunidade científica. Os seus datos cruzaranse, así mesmo, cos recollidos por outros instrumentos de seguimento mariño de Portos do Estado e da Universidade de Cantabria.

O Centro Oceanográfico de Santander consultou ademais a posición definitiva da boia (43 50'N, 3 47'W) coas confrarías de Cantabria e coa marinha comercial para asegurarse de que non a fondea nun lugar onde a súa continuidade poida estar en perigo pola ac-

tuou 590.000 euros, dos que case a metade lle corresponden ó gasto de mantemento para un ano.

Parte dese orzamento (183.000 euros) achegouse polo Goberno de Cantabria, cuxa conselleira de Educación, Rosa Eva Díaz Tezanos, subliñou pouco antes de que se colocara a boia no mar que a ameaza que representa o cambio climático: "imprescindible" dotarse de instrumentos para estudar a interacción entre o océano e a atmosfera. instrumentos como esta boia.